





ACTA DE REVISIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO REALIZADO DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 12 PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A (6 PRAZAS INCLUIDAS NA OEP 2015 E 6 PRAZAS INCLUIDAS NA OEP 2016) PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLODE LUGO EN QUENDA LIBRE.



Ás 9,15 horas da mañá do día 13 de maio de 2.019, na Casa Consistorial de Lugo, sita na Praza Maior nº 1 de Lugo, reúnese o Tribunal cualificador da convocatoria do proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade das referidas prazas de bombeiro conductor (6 prazas incluídas na OEP 2015 e 6 prazas incluídas na OEP de 2016), pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, que se rexerá tanto polas bases específicas aprobadas por acordo 21/718 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 22 de novembro de 2017 como polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2018, e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18/02/2009, 26/12/2012, 23/01/2013, 15/10/2014 e 22/03/2017, e publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, co fin de resolver a reclamación presentada polo aspirante don Daniel Sabell Fernández, con rexistro de entrada neste Concello de Lugo o día 9 de maio de 2.019, as probas do segundo exercicio realizado do referido proceso selectivo, en concreto, as probas de B) 1.- Tendido de mangueras, B) 2.- Proba de orientación e adaptación a espazos confinados, e B) 3.- Proba suposto teórico-práctico, coa asistencia dos seguintes membros deste que se citan a continuación:

Presidente: Don José Antonio Arias Lombardero, Funcionario de Carreira A2 da Excma. Diputación Provincial de Lugo.

Vogais: Don José Manuel Río Espiño, Oficial da Policía do Concello de Lugo.

Don Manuel Rodríguez Lendoiro, cabo (C2) da Excma. Diputación de A Coruña.

Don Eduardo López Dorado, Bombeiro conductor do Concello de Lugo.

Secretario: Don Justo Díaz Rodríguez (Secretario xeral do Pleno).

O Tribunal por unanimidade acorda:

Primeiro.- Desestimar as alegacións/reclamacións presentadas por don Daniel Sabell Fernández no escrito presentado con rexistro de entrada no Concello de Sada o día 29 de abril de 2019, o cal tivo entrada no Portelo Único do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o día 8 de maio de 2019, e con rexistro de entrada no Concello de Lugo o día 9 de maio de 2019, por canto as cualificacións outorgadas

SECRETARIO XERAL DO PLENO

JDR

Refª: Revisión 2º exercicio Daniel Sabell Fernández proceso selectivo bombero conductor

Asunto: Acta revisión

por este Tribunal o referido opositor nas probas do segundo exercicio realizado do referido proceso selectivo, en concreto, as probas de B) 1- Tendido de mangueras, B) 2.- Proba de orientación e adaptación a espazos confinados, e B) 3.- Proba suposto teórico-práctico, atopanse recollidas correctamente na publicación da Acta de revisión do precitado exercicio do 6 de maio de 2019.

Segundo.- O Tribunal acordou publicar a presente Acta na WEB e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, levántase a presente Acta as 11 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto este Secretario certifico.

O Presidente do Tribunal.

O Secretario do Tribunal.

Asdo.: José Antonio Arias Lombardero.

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez.

Vogal.

Vogal.

Asdo.: José Manuel Río Espiño.

Asdo.: Manuel Rodríguez Lendoiro.

Vogal.

Asdo.: Eduardo López Dorado.